



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 23 de FEBREIRO de 2024**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(94).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(95).-ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS-ANOS 2022-2025 . EXPTE. 262633/301.**

Visto o informe de fiscalización de data 16/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 07/02/2024, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor

xurídico adxunto a Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## I. INFORME

I.1. A «Asociación de Personas Sordas de Vigo» é unha ONG que ten como finalidade principal mellorar a calidade de vidas das persoas xordas e que traballa para acadar o recoñecemento legal e social da lingua de signos e pular pola súa investigación e difusión, fomentar a autonomía e a independencia deste colectivo e a eliminación das barreiras de comunicación, potenciando e dando continuidade ós servizos de intérpretes de lingua de signos en todos os ámbitos da vida social, velando tamén pola adecuada formación das persoas intérpretes.

Consta inscrita no RUEPSS co nº E-0060 e no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo co nº 266-92.

I.2. A Concellería de Política Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas xordas na cidade que teñen a necesidade específica de acudir ós servizos prestados polos profesionais intérpretes da lingua de signos.

I.3. O 06.07.2022 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS – ANOS 2022-2025», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 30.06.2022 (Exp. nº 234053/301).

I.4. Na súa Estipulación Cuarta estableceuse o seguinte:

*«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “Asociación de Personas Sordas de Vigo” unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 20.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 80.000€.*

*O gasto de 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.02 – Asociación de persoas sordas de Vigo. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais...».*

I.5. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.02 – “ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO”, un importe de 22.860,00€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

I.6. Con ese incremento da contía da subvención (+2.860,00€) preténdese facer fronte, alome nos parcialmente, ó incremento de prezos experimentado nos últimos anos en todos os sectores.

I.7. Por todo o anteriormente exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar, co contido indicado, unha Addenda ó Convenio de colaboración coa “ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO”, que afecta exclusivamente á súa Estipulación Cuarta.

I.8. De acordo co previsto na Estipulación Novena: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente Addenda».*

I.9. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.10. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), esta Addenda deberá ser sometida a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Base nº 40.3), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

I.11. Como queira que os compromisos económicos asumidos en virtude deste Convenio modificado pola Addenda en cuestión non superan os 600.000€, non será necesaria a súa remisión electrónica ó Tribunal de Contas ou ó órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das facultades que teñen legalmente atribuídas para reclamar cantos datos, documentos e antecedentes estimen pertinentes (Art. 53 LRXSP), como así se recollía xa no Convenio aprobado o 30.06.2022.

I.12. A competencia para aprobar a Addenda ó precitado Convenio e, previamente, o gasto que representa, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo, de acordo co Art. 127.1.g) da LRBRL, Art. 31 da LSG e coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coas Resolucións do 20.06.2023 (Apdo. Primeiro, Pto.

j]) e do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

I.13. A súa sinatura corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBRL e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa, á Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo (Resolución da Alcaldía – Presidencia do 20.06.2023, de delegación de competencias xenéricas en concelleiros de Área de goberno e concelleiros delegados; Apdo. Primeiro, Pto. j]; BOPPO n.º 124, do 28.06.2023 e Base n.º 40.2).

I.14. O preceptivo informe xurídico (Base n.º 40.3 das de execución do orzamento xeral) dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

I.15. Sen prexuízo da necesaria aprobación e publicación dun novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Vigo que substitúa ó aprobado pola XGL o 21.05.2021 para o periodo 2021 – 2023 (Exp. n.º 71/142), faise constar que a subvención (nominativa) á “ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO” que se aprobou pola XGL o 30.06.2022 para os exercicios de 2022 – 2025 (Exp. n.º 234053/301) estaba contemplada expresamente no Plan Estratéxico de Subvencións 2021 – 2023 da Concellería de Política Social nas Liñas “1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias - 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia” (Convenio programa sordos: 20.000€; aplic. n.º 2310.489.00.02); polo que esta Addenda, limitada á actualización dos importes da subvención nominativa para os anos 2024 e 2025, en execución das previsións orzamentarias aprobadas (Pleno do 27.12.2023; Exp. n.º 80/142; BOPPO n.º 249, do 29.12.2023), constitúe unha simple execución daquel Convenio.

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á ADDENDA ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS – ANOS 2022-2025», co texto que a seguir se transcribe.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe total de 45.720,00€ (CORENTA E CINCO MIL SETECENTOS VINTE EUROS) para os exercicios de 2024 e 2025. O gasto correspondente a 2024, que é de 22.860,00€, imputarase á aplicación orzamentaria n.º 2310.489.00.02 – “ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO”. A achega correspondente ó exercicio de



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

2025 (outros 22.860,00€) estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar este acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA Ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS – ANOS 2022-2025»

En Vigo, na data da sinatura electrónica

### COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local, D<sup>a</sup> Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Leonor Ruiz Bello, Presidenta da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, CIF nº G-36622835, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Romil nº 24, baixo, de Vigo.

### INTERVEÑEN

D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coa Resolución do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO nº 136, do 14.07.2023).

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Leonor Ruiz Bello, con DNI nº 27324417A, actuando en representación da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As/os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización da presente Addenda e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

### EXPOÑEN

I. O 06.07.2022 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS – ANOS 2022-2025», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 30.06.2022 (Exp. nº 234053/301).

II. O obxecto dese Convenio de colaboración era a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” para a prestación do servizo de intérprete da lingua de signos (anos 2022-2025).

III. Na súa Estipulación Cuarta estableceuse o seguinte:

*«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “Asociación de Personas Sordas de Vigo” unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 20.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 80.000€.*

*O gasto de 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.02 – Asociación de persoas sordas de Vigo. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais...».*

IV. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.02 – “ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO”, un importe de 22.860,00€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

V. En efecto, a teor do previsto na súa Estipulación Novena: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente Addenda».*

Tendo en conta o anteriormente exposto as partes,

### ACORDAN

«PRIMEIRO: Modificar a Estipulación Cuarta do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS – ANOS 2022-2025», que quedará coa seguinte redacción:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “Asociación de Personas Sordas de Vigo” unha subvención para os exercicios de 2024 e 2025 por importe de 22.860,00€/ano; en total, polo período de vixencia do Convenio: 45.720,00€.

O gasto de 2024 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.02 – Asociación de persoas sordas de Vigo. A chegada correspondente ó exercicio de 2025 (último ano de vixencia do Convenio) estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais...».

SEGUNDO: O réxime de pagamentos será semellante ó establecido na Estipulación Quinta do Convenio subscrito en 2022 entre a *Concellería de Política de Benestar Social* e a “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO”, pagándose o 50% (11.430,00€) logo da sinatura da Addenda e previa presentación do proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do anterior e o 50% restante (11.430,00€) unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 01 de novembro do correspondente exercicio. Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente unha declaración responsable de que non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

TERCEIRO: A presente Addenda estará en vigor durante a vixencia que resta do Convenio».

E en proba de conformidade, as partes asinan esta Addenda, por duplicado exemplar, na data expresada no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno local, dou fe.

### **3(96).-ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO” (2022-2025). EXPTE. 262327/301.**

Visto o informe de fiscalización de data 15/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 30/01/2024, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I. INFORME

I.1. A «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo» é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten como obxectivo a obtención, almacenamento, clasificación e distribución de alimentos a entidades e institucións (centros asistenciais, parroquias, comedores, asilos...) que teñan como fin axudar ás persoas necesitadas, proporcionándolles alimentos para atender ás súas necesidades primarias. Foi declarada de interese asistencial (Orde da *Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública* do 05.06.2002) e de interese galego por Resolución da *Consellería de Asuntos Sociais* da Xunta de Galicia do 12.09.2002,

estando inscrita no correspondente Rexistro co nº 2002/10. Está inscrita tamén no RUEPSS (E-1634) e no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo (nº 00836-03).

I.2. A Fundación constitúe un recurso social dentro do sistema público de servizos sociais da cidade de Vigo, por ser unha das entidades sen ánimo de lucro que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo moi utilizado polos servizos sociais.

I.3. O Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas e familias na cidade que teñen a necesidade de acudir a centros e entidades asistenciais para poder satisfacer, alomenos en parte, as súas necesidades básicas de alimentación. Neste sentido, a Fundación constitúe un valioso recurso que complementa ós que xa dispón o Concello como, por exemplo, as axudas e programas de emerxencia social ou os convenios para o financiamento dos comedores sociais da cidade.

I.4. O 23.06.2022 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO” (2022 – 2025)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 16.06.2022 (Exp. nº 234248/301).

I.5. Na súa Estipulación Segunda estableceuse o seguinte:

*«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo» unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 83.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 332.000€. O gasto correspondente a 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.13 (“Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo”). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais».*

I.6. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.13 – “FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO”, un importe de 120.000,00€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

I.7. Con ese incremento da contía da subvención (+37.000,00€) preténdese facer fronte, alomenos parcialmente, ó incremento de prezos experimentado nos últimos anos (alimentos, enerxía, etc.).





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

I.8. Por todo o anteriormente exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar, co contido indicado, unha Addenda ó Convenio de colaboración coa «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo», que afecta exclusivamente á súa Estipulación Segunda.

I.9. De acordo co previsto na súa Estipulación Décimo Terceira: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente Addenda».*

I.10. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.11. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), esta Addenda deberá ser sometida a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Base nº 40.3), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

I.12. Como queira que os compromisos económicos asumidos en virtude deste Convenio modificado pola Addenda en cuestión non superan os 600.000€, non será necesaria a súa remisión electrónica ó Tribunal de Contas ou ó órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das facultades que teñen legalmente atribuídas para reclamar cantos datos, documentos e antecedentes estimen pertinentes (Art. 53 LRXSP), como así se recollía xa no Convenio aprobado o 16.06.2022.

I.13. A competencia para aprobar a Addenda ó precitado Convenio e, previamente, o gasto que representa, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo, de acordo co Art. 127.1.g) da LRBRL, Art. 31 da LSG e coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coas Resolucións do 20.06.2023 (Apdo. Primeiro, Pto. j]) e do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

I.14. A súa sinatura corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBRL e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa, á Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo (Resolución da Alcaldía – Presidencia do 20.06.2023, de delegación de

competencias xenéricas en concelleiros de Área de goberno e concelleiros delegados; Apdo. Primeiro, Pto. j]; BOPPO nº 124, do 28.06.2023 e Base nº 40.2).

I.15. O preceptivo informe xurídico (Base nº 40.3 das de execución do orzamento xeral) dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

I.16. Sen prexuízo da necesaria aprobación e publicación dun novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Vigo que substitúa ó aprobado pola XGL o 21.05.2021 para o periodo 2021 – 2023 (Exp. nº 71/142), faise constar que a subvención (nominativa) á «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo» que se aprobou pola XGL o 16.06.2022 para os exercicios de 2022 – 2025 (Exp. nº 234248/301) estaba contemplada expresamente no Plan Estratéxico de Subvencións 2021 – 2023 da Concellería de Política Social, na Liña 1-6 “Axudas de emerxencia” (Convenio Banco de Alimentos: 83.000€; aplic. nº 2310.489.00.13); polo que esta Addenda, limitada á actualización dos importes da subvención nominativa para os anos 2024 e 2025, en execución das previsións orzamentarias aprobadas (Pleno do 27.12.2023; Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), constitúe unha simple execución daquel Convenio.

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á ADDENDA ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO” (2022 – 2025)», co texto que a seguir se transcribe.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe total de 240.000,00€ (DOUSCENTOS CORENTA MIL EUROS) para os exercicios de 2024 e 2025. O gasto correspondente a 2024, que é de 120.000,00€, imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.13 – “FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO”. A achega correspondente ó exercicio de 2025 (outros 120.000,00€) estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar este acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO” (2022 – 2025)»

En Vigo, na data da sinatura electrónica

### COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local, D<sup>a</sup> Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D. Iván Martínez de Santiago, con DNI nº 36.020.534-G, Presidente da «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo», NIF nº G-36899375, con enderezo para os efectos de notificación na Avda. Alcalde Lavadores nº 102, CP 36214 Vigo.

### INTERVEÑEN

D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coa Resolución do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

D. Iván Martínez de Santiago, actuando en representación da «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo», segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada ó expediente (acordo do Padroado da Fundación do 21.06.2021), asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As/os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización da presente Addenda e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

## EXPOÑEN

I. O 23.06.2022 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO” (2022 – 2025)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 16.06.2022 (Exp. nº 234248/301).

II. O obxecto dese Convenio de colaboración era a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo», que se comprometeu a colaborar coa Concellería de Política Social na atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, facilitándolles ás entidades e centros específicos os alimentos necesarios para tentar cubrir as necesidades básicas daquelas.

III. Na súa Estipulación Segunda estableceuse o seguinte:

*«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo» unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 83.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 332.000€. O gasto correspondente a 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.13 (“Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo”). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais».*

IV. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.13 – “FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO”, un importe de 120.000,00€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

V. En efecto, a teor do previsto na súa Estipulación Décimo Terceira: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente Addenda».*

Tendo en conta o anteriormente exposto as partes,

## ACORDAN

«PRIMEIRO: Modificar a Estipulación Segunda do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO” (2022 – 2025)», que quedará coa seguinte redacción:

*«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo» unha subvención para os exercicios de 2024 e 2025 por importe total de 240.000,00€ (120.000,00€/ano). O gasto para o exercicio de 2024 (120.000,00€) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.13 – “FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO”. A achega prevista para o exercicio de 2025 (último ano de vixencia do Convenio), outros 120.000,00€, estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais».*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

SEGUNDO: O réxime de pagamentos será semellante ó establecido na Estipulación Cuarta do Convenio subscrito en 2022 entre a *Concellería de Política de Benestar Social* e a «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo», pagándose o 50% (60.000,00€) logo da asinatura da Addenda e previa presentación do proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do anterior e o 50% restante (60.000,00€) unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 01 de novembro do correspondente exercicio. Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente unha declaración responsable de que non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

TERCEIRO: A presente Addenda estará en vigor durante a vixencia que resta do Convenio».

E en proba de conformidade, as partes asinan esta Addenda, por duplicado exemplar, na data expresada no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno local, dou fe.

### **4(97).-ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL DA POBOACIÓN XITANA DE VIGO: “PROXECTO ACCEDER- VIGO EMPREGO” (2022-2025). EXPTE. 262380/301.**

Visto o informe de fiscalización de data 14/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 02/02/2024, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I. INFORME

I.1. A “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) é unha organización privada de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, que ten como fin a promoción integral da comunidade xitana desde o recoñecemento e apoio á súa identidade cultural. Constituída formalmente como “Fundación Secretariado General Gitano” en 2001, foi inscrita no *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales – Subdirección general de Fundaciones y entidades tuteladas* co nº 28-1223 o 28.12.2001. A FSG consta inscrita no RUEPSS co nº E-1729 e clasificada como entidade de iniciativa social, figurando tamén no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo co nº 804-02.

I.2. A súa misión está orientada á promoción e ó cambio social para permitir o acceso das persoas xitanas ós dereitos, servizos, bens e recursos sociais en igualdade de condicións có resto da cidadanía. Para o cumprimento deses fins e de acordo cos seus Estatutos, a FSG ven desenvolvendo desde hai anos diferentes servizos e actividades de apoio á inclusión social e laboral do colectivo de persoas xitanas na nosa cidade.

I.3. A Concellería de Política Social é coñecedora da problemática específica que presenta este colectivo para acadar a súa plena integración socio-laboral e da necesidade de seguir apoiando desde o Concello a execución daqueles proxectos que incidan positivamente na comunidade xitana.

I.4. O 10.05.2022 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL DA POBOACIÓN XITANA DE VIGO: “PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO”» (2022-2025), aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 05.05.2022 (Exp. nº 232409/301).

I.5. Na súa Estipulación Cuarta estableceuse o seguinte:

*«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 16.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 64.000€. O gasto de 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.07 – “Fundación Secretariado Xitano”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.*

*En todo caso, o financiamento municipal deste Programa farase sempre, en todas e cada unha das anualidades previstas, con cargo a fondos propios do Concello de Vigo e en ningún caso procederán de fondos europeos, a fin de garantir o principio de adicionalidade establecido polos Regulamentos que regulan os fondos estruturais».*

I.6. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.17 – “FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO”, un importe de 18.288.00€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

I.7. Con ese incremento da contía da subvención (+2.288,00€) preténdese facer fronte, alomenos parcialmente, ó incremento de prezos experimentado nos últimos anos en todos os sectores.

I.8. Por todo o anteriormente exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar, co contido indicado, unha Addenda ó Convenio de colaboración coa “Fundación Secretariado Gitano”, que afecta exclusivamente á súa Estipulación Cuarta.

I.9. De acordo co previsto na súa Estipulación Décima: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e instrumentarase mediante a correspondente Addenda».*

I.10. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

I.11. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), esta Addenda deberá ser sometida a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Base nº 40.3), a fin de verificar a existencia de crédito axeiado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

I.12. Como queira que os compromisos económicos asumidos en virtude deste Convenio modificado pola Addenda en cuestión non superan os 600.000€, non será necesaria a súa remisión electrónica ó Tribunal de Contas ou ó órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das facultades que teñen legalmente atribuídas para reclamar cantos datos, documentos e antecedentes estíven pertinentes (Art. 53 LRXSP), como así se recollía xa no Convenio aprobado o 05.05.2022.

I.13. A competencia para aprobar a Addenda ó precitado Convenio e, previamente, o gasto que representa, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo, de acordo co Art. 127.1.g) da LRBRL, Art. 31 da LSG e coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coas Resolucións do 20.06.2023 (Apdo. Primeiro, Pto. jj) e do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

I.14. A súa sinatura corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBRL e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa, á Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo (Resolución da Alcaldía – Presidencia do 20.06.2023, de delegación de competencias xenéricas en concelleiros de Área de goberno e concelleiros delegados; Apdo. Primeiro, Pto. jj; BOPPO n.º 124, do 28.06.2023 e Base nº 40.2).

I.15. O preceptivo informe xurídico (Base nº 40.3 das de execución do orzamento xeral) dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á ADDENDA ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL DA POBOACIÓN XITANA DE VIGO: “PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO”» (2022-2025), co texto que a seguir se transcribe.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe total de 36.576,00€ (TRINTA E SEIS MIL CINCOCENTOS SETENTA E SEIS EUROS) para os exercicios de 2024 e 2025. O gasto correspondente a 2024, que é de 18.288,00, imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.17 (“FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO”). A achega correspondente ó exercicio de 2025 (outros 18.288,00€) estará

condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar este acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA Ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL DA POBOACIÓN XITANA DE VIGO: “PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO”» (2022-2025).

En Vigo, na data da sinatura electrónica

### COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local, D<sup>a</sup> Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D<sup>a</sup>. Eva Vera Ledo, con DNI nº 34.267.745-E, representante legal en Galicia da “Fundación Secretariado Gitano” (FSG), CIF nº G-83117374, con domicilio social na rúa Ahijones, s/n de Madrid (CP 28018) e enderezo para os efectos de notificación na rúa Burgos nº 9 de Vigo (CP 36205).

### INTERVEÑEN

D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coa Resolución do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

D<sup>a</sup>. Eva Vera Ledo, actuando en representación da FSG, segundo así resulta dos estatutos da Fundación e da documentación achegada, asegurando a comparecente a vixencia da mesma e que as facultades conferidas na escritura pública outorgada o 25.04.2019 perante a notaria de León Sra. Vázquez Arias, co nº 580 do seu protocolo, non lle foron revogadas.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización da presente Addenda e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

### EXPOÑEN

I. O 10.05.2022 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL DA POBOACIÓN XITANA DE VIGO: “PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO”» (2022-2025), aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 05.05.2022 (Exp. nº 232409/301).

II. O obxecto dese Convenio de colaboración era a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) para a execución de “PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL DA POBOACIÓN XITANA DE VIGO: “PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO”» (2022-2025).

A situación das persoas xitanas, con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. O emprego é a mellor e máis segura salvagarda contra a exclusión social. O emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión. O “PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO” ten como obxectivos mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana de Vigo, posibilitando o acceso á formación profesional e ó emprego.

III. Na súa Estipulación Cuarta estableceuse o seguinte:

*«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 16.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 64.000€. O gasto de 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.07 – “Fundación Secretariado Xitano”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.*

*En todo caso, o financiamento municipal deste Programa farase sempre, en todas e cada unha das anualidades previstas, con cargo a fondos propios do Concello de Vigo e en ningún caso procederán de fondos europeos, a fin de garantir o principio de adicionalidade establecido polos Regulamentos que regulan os fondos estruturais».*

IV. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.17 – “*FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO*”, un importe de 18.288,00€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

V. En efecto, a teor do previsto na súa Estipulación Décima: «*Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e intrumentarase mediante a correspondente Addenda*».

Tendo en conta o anteriormente exposto as partes,

### ACORDAN

«PRIMEIRO: Modificar a Estipulación Cuarta do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL DA POBOACIÓN XITANA DE VIGO: “PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO”» (2022-2025), que quedará coa seguinte redacción:

«*O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) unha subvención para os exercicios de 2024 e 2025 por importe de 18.288,00€/ano; en total, polo periodo de vixencia que resta do Convenio: 36.576,00€. O gasto de 2024 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.17 – “Fundación Secretariado Xitano”. A achega prevista para o exercicio de 2025 (último ano de vixencia do Convenio), outros 18.288,00€, estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.*

*En todo caso, o financiamento municipal deste Programa farase sempre, en todas e cada unha das anualidades previstas, con cargo a fondos propios do Concello de Vigo e en ningún caso procederán de fondos europeos, a fin de garantir o principio de adicionalidade establecido polos Regulamentos que regulan os fondos estruturais».*

SEGUNDO: O réxime de pagamentos será semellante ó establecido na Estipulación Quinta do Convenio suscrito en 2022 entre a *Concellería de Política de Benestar Social* e a «Fundación Secretariado Gitano», pagándose o 50% (9.144,00€) logo da asinatura da Addenda e previa presentación do proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do anterior e o 50% restante (9.144,00€) unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 01 de novembro do correspondente exercicio. Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente unha declaración responsable de que non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

TERCEIRO: A presente Addenda estará en vigor durante a vixencia que resta do Convenio».

E en proba de conformidade, as partes asinan esta Addenda, por duplicado exemplar, na data expresada no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno local, dou fe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

### **5(98).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUNHA PLATAFORMA DE XESTIÓN E DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN DO PARQUE DE MUPIS MUNICIPAIS. EXPTE. 8449/104.**

Visto o informe de fiscalización do 20/02/2024, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 16/02/2023, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dunha plataforma de xestión e difusión de información do parque de mupis municipais (8449-104)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro dunha plataforma de xestión e difusión de información do parque de mupis municipais (8449-104)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 20 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de SUBMINISTRACIÓN DUNHA PLATAFORMA DE XESTIÓN E DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN DO PARQUE DE MUPIS MUNICIPAIS.*

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 19/09/23 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 22/09/23 que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación.*

*Tercero: Aprobar o gasto polo importe máximo de licitación de 102.850,00 € sendo o importe correspondente ao IVE de 17.850,00 €*

*O contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 4320.6090020 “SINALIZACIÓN DIXITAL EN MUPIS DIXITAIS”, da anualidade 2024*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 26 de xaneiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro dunha plataforma de xestión e difusión de información do parque de mupis municipais (8449-104) na seguinte orde descendente:*

<b>EMPRESA LICITADORA</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
<b>TECNOLOGÍAS PLEXUS ,S.L.</b>	<b>100</b>
SUMINISTROS IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, S.A.U. (SERMICRO)	49,63

*Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, TECNOLOGÍAS PLEXUS ,S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.””*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TECNOLOGÍAS PLEXUS ,S.L., o día 26 de xaneiro de 2024, que presenta a documentación requirida o 7 de febreiro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora, os estatutos e o CIF da empresa, xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (59.500,00 €), presentan as contas de 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (71.995,00 €), presentan dous certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2021 supera esta cantidade.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

- Seguro de caución por un importe de 2.166,93 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Certificados positivos de débedas da AEAT e da TGSS.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo, e o certificado de inscrición no rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura, entre outros, o certificado positivo de débedas da ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 16 de febreiro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TECNOLOGÍAS PLEXUS ,S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TECNOLOGÍAS PLEXUS ,S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 13 de decembro de 2023 e 17 de xaneiro de 2024, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a TECNOLOGÍAS PLEXUS ,S.L. o procedemento aberto para a contratación do subministro dunha plataforma de xestión e difusión de información do parque de mupis municipais (8449-104) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 52.439,81 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.101,12 euros.*
- b) Incrementa o nº de licenzas mínimas indicadas no PPTP (30 licenzas para 30 MUPIS) en 20 licenzas a maiores.*
- c) Comprométese a incluír unha acción formativa online EXTRA ao plan de formación, dirixida ao persoal técnico do Concello en relación cos procesos de configuración e funcionamento da plataforma de xestión e difusión de información do parque de MUPIS municipais, cun mínimo de 10 horas a realizar dentro do prazo do último mes do contrato.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(99).-PROCEDEMENTO PARA A XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE MANTEMENTO ORDINARIO DOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO, PARA O ANO 2024 (PROGRAMA AUTOXESTIÓN 2024). EXPTE. 80465/332.**

Visto o informe de fiscalización de data 19/02/2024, dase conta do informe-proposta de data 15/02/2024, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial de Vigo é competencia propia e responsabilidade do Concello, segundo se recolle no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

Como en anos anteriores, co criterio de acadar unha maior economía, axilidade e operatividade e para potenciar a maior participación dos consellos escolares na conservación dos colexios públicos, a Concellería de Educación desenvolve o presente expediente para a xestión directa de fondos municipais no mantemento dos centros públicos de educación infantil e primaria (en adiante, Programa Autoxestión), correspondente ao ano 2024. O Programa Autoxestión é un sistema polo cal o Concello de Vigo entrega aos centros escolares unha parte da partida económica anual correspondente (3230.212.0000 “Reparación e mantemento edificios colexios”), para que poidan acometer obras de mantemento, conservación, reparación e seguridade no seu centro, durante cada exercicio orzamentario. No presente expediente, no período comprendido entre o 01/01/2024 e o 31/12/2024. Interesa recalcar, como concepto vertebrador deste programa, que as obras de mantemento que o



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

centro debe afrontar deben de fundamentarse no **MANTEMENTO PREVENTIVO** dos elementos (sobre todo dos estruturais, por cuestións de seguridade) que sexan susceptibles de incluírse en tal concepto. Así, o mantemento e reparación dos colexios públicos realizarase do seguinte xeito:

- A **UTSE** (Unidade Técnica do Servizo municipal de Educación) **realizará as obras de mantemento e conservación de maior entidade, complexidade e contía económica, así como aquelas que poidan afectar a elementos sensibles da edificación ou requiran dunha maior especialización no seu deseño e control.**
- Os Consellos Escolares dos centros educativos **afrontarán o mantemento, conservación e reparación das súas instalacións mediante actuacións preventivas de pequena entidade co PROGRAMA AUTOXESTIÓN.** Nestas pequenas tarefas de mantemento tamén ten unha importancia destacada o traballo do persoal municipal adscrito ao Servizo de Educación que desenvolve as súas funcións nos centros educativos, os Oficiais de Instalacións Municipais..
- *Pode suceder que, ao longo do ano, un determinado centro escolar esgote o seu orzamento do Programa Autoxestión e non poida facer fronte ás actuacións de mantemento que lle correspondían; neste caso, xustificadas todos os gastos, o Servizo municipal de Educación asumirá, ata o remate do ano, o mantemento que debería facer o Consello Escolar do centro correspondente.*

Para unha mellor optimización dos recursos municipais destinados a estes fins, así como para clarear as competencias e procedementos das tarefas de conservación e mantemento diante dos equipos directivos dos centros públicos de ensino, a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) do Concello de Vigo ten realizada unha **Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos**, que se achega no expediente, na que se presentan e centran convenientemente todos estes aspectos, consonte ao acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 16 de maio de 2014, polo que se aprobou o contido refundido e consolidado da "Guía Técnica de Mantemento para os centros escolares públicos" (expte. 16026/332).

Tendo en conta a situación orzamentaria, así como as indicacións da citada Guía con respecto aos traballos a desenvolver por cada unha das partes, redactouse, para o ano 2024, o correspondente **Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do orzamento municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria para o ano 2024**, que se achega no presente expediente. Neste documento, en base ao indicado no baremo que figura na base SÉTIMA, estímase a cantidade que corresponde neste ano a cada centro público, reflectida no seu **Anexo I**. A contía global anual ascende a **363.204,00 euros** (para determinar exactamente o monto que corresponde a cada colexio faise un cálculo dos puntos que corresponden a cada centro e o seu equivalente en euros).

No Anexo I indícase, pois, a distribución destes fondos entre os diferentes colexios de educación infantil e primaria de Vigo.

De resultas do establecido na base SEGUNDA do citado procedemento, haberá que ter en conta que, para a determinación final do importe a transferir este ano 2024 aos centros, e conforme ao establecido na base TERCEIRA do Programa Autoxestión, naqueles centros que presentan saldo positivo na xustificación do Programa no anterior exercicio (2023), ese

saldo detraerese da cantidade asignada no Anexo I, quedando deste xeito a conformación final do financiamento para este ano conforme se reflicte no **Anexo II**, cun montante total de **355.240,91 euros**. Aínda así, a cantidade a xustificar no presente exercicio de 2024 será a indicada no Anexo I inicial, pois representa a totalidade do financiamento municipal dispoñible por cada centro educativo (saldo 2023 + financiamento 2024). Complementariamente, non houbo ningún centro público de educación infantil, primaria e especial que manifestase intención de deixar de participar no Programa Autoxestión 2024, polo que participan nel a súa totalidade que ascenden a un total de 50 centros educativos: 6 centros públicos de educación infantil de 2ª etapa (3-6 anos), 39 centros públicos de educación infantil e primaria (3-12 anos), 4 centros públicos de educación primaria (6-12 anos) e 1 centro público de educación especial (3-21 anos).

No que respecta á xustificación do financiamento municipal do Programa de Autoxestión 2023 ou procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo para o ano 2023, que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 3 de marzo de 2023 (expte. 29712/332); cómpre indicar que a base terceira deste procedemento determinaba que a xustificación do financiamento municipal que se librou a cada centro educativo, debía ser presentada polos equipos directivos achegando a relación de facturas que se imputan ao mantemento ordinario e preventivo e unha certificación do acordo do Consello Escolar de centro no que se indique a aprobación das contas que se presentan ao Concello para liquidación.

Seguindo o procedemento indicado, os 50 centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo participantes no programa municipal de Autoxestión 2022, teñen presentado no Servizo de Educación a citada documentación xustificativa, a cal ten sido revisada pola Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE), resultando o gasto e actuacións realizadas en mantemento, conservación e reparación das instalacións escolares, conforme ao obxecto e finalidade do programa de financiamento municipal "Autoxestión 2023". Esta documentación xustificativa atópase arquivada nas dependencias deste Servizo Municipal de Educación.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

- Aprobar o **Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do orzamento municipal de mantemento ordinario dos centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo, para o ano 2024** (Programa Autoxestión 2024, que se achega ao expediente).
- Aprobar a autorización do gasto previsto para a posta en marcha do Programa de Autoxestión 2024, destinando para tal fin a cantidade de **355.240,91 euros** da aplicación orzamentaria 3230.212.0000 "Reparacións e mantemento edificios colexios" do orzamento municipal vixente.

#### **ACORDO**





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **BASES PROGRAMA AUTOXESTIÓN 2024**

**PRIMEIRA.-** Destínase a cantidade de **363.204,00 euros para o ano 2024**, para ser xestionada directamente polos consellos escolares de cada centro público de educación infantil e primaria, para atender as reparacións ordinarias dos mesmos, fundamentalmente no referido aos traballos de mantemento dos centros que precisen actuacións de pequena entidade, consonte coas consideracións que se especifican na **Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos**, editada polo Servizo municipal de Educación (expte. 16026/332), sobre competencias e procedementos de mantemento e conservación, que obra en poder dos respectivos equipos directivos dos centros públicos, e de conformidade co indicado no presente Procedemento.

**SEGUNDA.-** Esta cantidade distribuirase en cada colexio seguindo o baremo que se indica na base Sétima e que queda reflectido no **Anexo I**. Haberá que ter en conta que, para a determinación final do diñeiro a transferir este ano 2024 aos centros, e conforme ao establecido na base Terceira do Programa Autoxestión, aqueles centros que presentan saldo positivo na xustificación do Programa no anterior exercicio (2023), ese saldo detraerase da cantidade asignada no Anexo I, quedando deste xeito a conformación final do financiamento conforme se reflicte no **Anexo II**, cun montante total de **355.240,91 euros**. Aínda así, a cantidade a xustificar no presente exercicio de 2024 será a indicada no Anexo I inicial (**363.204,00 euros**), pois representa a totalidade do financiamento municipal dispoñible por cada centro educativo (saldo 2023 + financiamento 2024). A cantidade asignada para o presente ano 2024 farase efectiva do xeito que se indica no seguinte punto.

**TERCEIRA.-** O Concello entregará á dirección de cada colexio a cantidade asignada nun pago único, a principios do ano, consecuencia da tramitación e aprobación polo órgano competente do correspondente expediente para o Programa Autoxestión.

Durante o primeiro mes do ano seguinte, a Dirección do centro educativo presentará a xustificación da totalidade do importe librado (Relación de facturas), tal e como a continuación se indica, xunto coa correspondente Certificación do acordo do Consello Escolar. No caso de que o importe xustificado fose inferior ao importe librado, o correspondente saldo será deducido do seguinte ingreso a realizar (pago do ano seguinte) polo Concello de Vigo ao abeiro do Programa Autoxestión, contabilizándose a partir dese momento como importe a xustificar no novo período. Se o centro educativo non participase no citado programa nesa anualidade, o saldo deberá ser ingresado na conta do Concello, polo que a achega municipal para a conservación e mantemento será xustificada na súa totalidade.

Esta documentación xustificativa, correspondente ao Programa Municipal de Autoxestión, será supervisada pola Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) para o seu posterior informe do Servizo de Educación, acreditativo de que as facturas son conformes aos fins previstos nas presentes bases.

A xustificación de fondos librados deberá ser presentada pola dirección dos centros educativos do seguinte xeito:

- 1) Relación de facturas: conxunto ordenado de facturas (legais e orixinais) que xustifican gasto referido a traballos de mantemento ordinario e preventivo. As facturas deberán ser de curso legal e nelas debe figurar:

- A palabra “Factura”, co seu número correspondente.
- Datos completos do proveedor: nome, CIF, enderezo.
- Concepto do gasto, o máis concreto posible.
- Importe total, co IVE desglosado ou indicando IVE incluído.

Os orixinais das facturas serán arquivados na secretaría do centro para, se é o caso e conforme á base Sexta do Programa Autoxestión, poder seren consultados polos servizos técnicos e económicos municipais.

O modelo de encabezado para a citada relación de facturas deberá ser **obrigatoriamente** deste formato:

Data factura	Nº factura	Proveedor	NIF proveedor	Concepto	Importe
--------------	------------	-----------	---------------	----------	---------

2) Certificación do acordo do Consello Escolar correspondente, no que se indique a aprobación das contas que se presentan ao Concello para a liquidación. Esta certificación deberá recibirse no Servizo de Educación preferentemente dentro da segunda quincena do mes de xaneiro de cada ano. Para a súa elaboración, a correspondente Comisión Económica, coa presenza do representante municipal no Consello Escolar, reunirse previamente á celebración do citado Consello Escolar, co obxecto de presentar a xustificación dos gastos efectuados ao abeiro do presente programa municipal de Autoxestión, que se concretará na supervisión da relación ordenada das facturas pagadas con cargo a Autoxestión.

**CUARTA.-** As contías entregadas destinaranse integramente a gastos relativos ao mantemento ordinario e mantemento preventivo, tanto no referido ao pagamento de facturas relativas aos materiais necesarios (cristais, bombillas, peches, apliques, ...), como ao pagamento das facturas por man de obra e servizos de empresas competentes nas materias obxecto do gasto, legalmente establecidas. Para a concreción do aquí indicado, estarase ao disposto na citada **Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos (expte. 16026/332)**. Para aqueles gastos cun importe superior aos 1.000 euros, deberase efectuar consulta previa de conformidade coa UTSE.

**QUINTA.-** **Prohíbese** expresamente, baixo a responsabilidade da dirección do centro, a **realización con fondos do Programa Autoxestión de obras de mellora, reforma ou ampliación**, así como aquelas **reparacións que afecten ás instalacións da calefacción central, gas, instalacións eléctricas e instalacións de fontanería (abastecemento e saneamento)** e as que poidan supoñer ponteio, modificación ou sobrecarga das liñas ou demais elementos, agás nos casos nos que a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) as autorice expresamente. No entanto, a substitución de elementos eléctricos como bombillas, lámpadas, cebadores, resistencias, etc, entran no Programa Autoxestión e deberán ser realizados polo centro, ao igual que as actuacións simples de fontanería que non afecten ás tubaxes de abastecemento e saneamento.

Todas as reparacións a efectuar nos colexios que non poidan ser comprendidas nos termos deste acordo deberán ser solicitadas por escrito (preferentemente mediante correo electrónico) á Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE), que actuará, así mesmo, en caso de emerxencias ou grandes avarías, así como nos casos nos que os colexios non teñan recursos suficientes para afrontalos cunha programación plurianual e por fases, previo informe da Unidade Técnica do Servizo municipal de Educación.

O Concello resérvase a capacidade de rescindir unilateralmente este acordo cun colexio determinado, no caso de incumprimento dalgún dos seus apartados.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

**SEXTA.-** Dada as diferenzas que existen entre uns colexios e outros, a fin de evitar un progresivo distanciamento da calidade entre os centros, controlarase estritamente o uso das cantidades asignadas. Este control realizarase por medio do persoal técnico do Servizo de Educación e polos mecanismos propios da Intervención municipal e os procedementos ordinarios de inspección de contas previstos na lexislación vixente.

**SÉTIMA.-** Para a distribución do presuposto xeral previsto, asignarase a cada colexio un número de puntos, resultante da aplicación do seguinte BAREMO:

Estado xeral do centro (criterio da UTSE):

- estado xeral bo (superior á media): ..... 2 puntos
- estado xeral regular (media): ..... 5 puntos
- estado xeral malo (inferior á media): ..... 10 puntos

Número de alumnos (datos da Consellería de Educación da Xunta de Galicia):

- entre 11 e 50: ..... 2 puntos
- entre 51 e 150: ..... 5 puntos
- máis de 150: ..... 10 puntos

Superficie edificada (m<sup>2</sup>):

- entre 50 e 500: ..... 10 puntos
- entre 501 e 1500: ..... 15 puntos
- entre 1501 e 2500: ..... 20 puntos
- entre 2501 e 4000: ..... 25 puntos
- entre 4001 e 5500: ..... 30 puntos
- máis de 5500: ..... 35 puntos

Superficie terreos (m<sup>2</sup>):

- entre 50 e 1000: ..... 10 puntos
- entre 1001 e 3000: ..... 15 puntos
- entre 3001 e 6000: ..... 20 puntos
- entre 6001 e 9000: ..... 25 puntos
- máis de 9000: ..... 30 puntos

**OITAVA.-** O mantemento das vivendas dos vixilantes-porteiros e do profesorado non está incluído nos custos asumibles polo Programa Autoxestión.

**NOVENA.-** O Servizo de Educación cursará as ordes oportunas á Intervención Xeral para o ingreso das cantidades correspondentes a cada colexio acollido ao Programa Autoxestión.

**DÉCIMA.-** Os centros educativos do Anexo I que, por calquera razón, decidan deixar de participar no presente Programa, deberán manifestalo expresamente por escrito. O Servizo municipal de Educación, en base a causas xustificadas e documentadas, poderá dar de baixa do presente Programa aos centros educativos que incumpran o establecido nas disposicións que o regulan (**Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo** -de aprobación anual-, e **Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos**).

**7(100).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE TOMÁS ALONSO E BOUZAS. 2 LOTES. EXPTE. 62777/332.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 20/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 19/02/2024, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 24 de novembro de 2023, a concelleira da Área de Goberno de Educación resolve autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación do expediente administrativo para a contratación do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (Casiano Martínez).

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación, de data 23/11/2023.
- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Educación de data 24/11/2023 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) e catro Anexos, de data 12/12/2023, redactados pola xefa do Servizo de Educación.
- Declaración da redactora do PPT, de data 11/12/2023.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e polos concelleiros das Áreas de Goberno de Educación e de Orzamentos e Facenda, asinada o 16/01/2024, rectificada en data 19/02/2024.
- Documentos contables RC 4681 por importe de 142.809,02 euros, RC 4682 por importe de 143.910,14 euros, RCFUT 4684 por 904.457,14 euros e RCFUT 911.430,90 euros, de data 16/01/2024.
- Memoria xustificativa, asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación de Educación o 16/01/2024.
- Informe de data 17/01/2024 do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Anuncio de información previa, publicado no Diario Oficial da Unión Europea o 22/01/2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 19/02/2024, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A xestión parcial das Escolas Infantís Municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas”, que comprende a atención total de nenos e nenas que se escolarizarán nelas, tanto nos aspectos educativos previstos na Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE) para o primeiro ciclo de educación infantil (de 0 a 3 anos) como na súa



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da escola e a xestión e administración dos centros baixo a coordinación do Servizo de Educación, de acordo cos requisitos establecidos nos correspondentes pregos.

Duración: A duración do contrato será de catro anos; existindo a posibilidade dunha prórroga dun ano.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 525.651,80 euros, exento de IVE, coa seguinte distribución por lotes: Lote 1 261.816,54 euros (EIM Tomás Alonso) e Lote 2 263.835,26 euros (EIM Bouzas), polo que o prezo total do contrato é de 2.102.607,20 euros.

Aplicacións orzamentarias: 3230.227.9912 (EIM Tomás Alonso) e 3230.227.9913 (EIM Casiano Martínez).

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público. A resolución segundo o artigo 117 da Lei 9/2017 deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 12/12/2023, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 19/02/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 2.102.607,20 euros, exento de IVE, para a contratación do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e de Bouzas, con cargo á bolsa de vinculación das aplicacións orzamentarias 3230.227.9912 (EIM Tomás Alonso) e 3230.227.9913 (EIM Casiano Martínez), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, do xeito seguinte:

ANUALIDADE	Importe (exento de IVE)		
	Lote 1: Tomás Alonso	Lote 2: Bouzas	TOTAL
2024 (6 meses – desde 01/06)	142.809,02	143.910,14	<b>286.719,16</b>
2025 (11 meses)	261.816,54	263.835,26	<b>525.651,80</b>
2026 (11 meses)	261.816,54	263.835,26	<b>525.651,80</b>
2027 (11 meses)	261.816,54	263.835,26	<b>525.651,80</b>
2028 (5 meses – ata 31/05)	119.007,52	119.925,12	<b>238.932,64</b>
<b>Total</b>	<b>1.047.266,16 €</b>	<b>1.055.341,04 €</b>	<b>2.102.607,20 €</b>

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(101).- ACTUALIZACIÓN ESTRUCTURA SALARIAL DO PERSOAL TRABALLADOR BENEFICIARIO E TÉCNICO XESTOR DO “ACORDO MARCO DE REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS SOCIOLABORAIS DAS CONTRATACIÓNS NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO” PARA O ANO 2024. EXPTE. 20730/77.**

A Xunta de Goberno local retira o expediente da orde do día a petición da xefa de Desenvolvemento Local e a concelleira-delegada da Área de Goberno mediante dilixencia asinada en data 23/02/2023.

### **9(102).- PRÓRROGA DA ADHESIÓN AO ACORDO MARCO DE MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS DA FEMP: LOTE 8 - SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES. EXPTE. 6782/241.**

Visto o informe xurídico do 15/02/2024 e o informe de fiscalización do 16/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 09/02/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I. A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

II. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de febreiro do 2022, acordou:

“PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Remitir o presente acordo á FEMP para os efectos oportunos”.

III. A Xunta de Goberno Local, en data 4 de marzo de 2022, acordou adherirse ao Convenio marco de mediación de riscos e seguros da central de contratación da FEMP, formalizándose o contrato baseado o 3 de marzo de 2020 con WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A.

IV. A FEMP, a través da súa Central de Contratación licitou o Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, dividido en lotes, sendo o lote 8 relativo a “Seguro colectivo de accidentes” .

O citado lote 8 do acordo marco foi adxudicado a AIG EUROPE, S.A, SUCURSAL EN ESPAÑA e a MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA o 11 de febreiro de 2021, e formalizouse en documento administrativo o 12 de marzo do mesmo ano, comenzando a súa execución ao día seguinte. Ten un prazo de duración de dous anos e prevé dúas prórroga dun ano de duración cada unha, se ben se prevé que a duración da última prórroga anual poderá ser reducida por acordo entre ambas partes ata un máximo de seis meses.

· Mediante resolución de 26 de maio de 2022, o Concelleiro delegado de Cultura e Emprego, acordou o inicio dun expediente de contratación, á vista do Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e propón a adhesión ao citado acordo marco da Central de Contratación da FEMP.

En data 7 de febreiro de 2023 procedeuse a enviar documento de invitación ás empresas adxudicatarias do lote 8 a través de la plataforma informática da Central de Contratación da FEMP.

·Recibidas as ofertas o 10 de febreiro de 2023, dentro do prazo conferido ao efecto, procedeuse a súa valoración pola empresa adxudicataria do contrato baseado de mediación de riscos e seguros, Willis Iberia, conforme aos criterios de adxudicación e a súa ponderación establecidos na cláusula 21.2 do PCAP. O informe de valoración presentouse a través do Rexistro Xeral do Concello o día 17 de febreiro e foi anexado ao xestor de expedientes no trámite 30. Á vista

do mesmo, o licitador que obtén a maior puntuación é MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA .

V. A través do expte. núm. 6782-241, a Xunta de Goberno Local, en data 3/03/2023, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación do seguro privado das persoas voluntarias inscritas na bases de datos da Oficina Municipal de Voluntariado, mediante adhesión ao acordo marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 8 seguro colectivo de accidentes.*

*Segundo.- Autorizar o gasto por importe total 7.468 € (exento de IVE), segundo consta na memoria económica do servizo xestor.*

*Terceiro.- Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 8 seguro colectivo de accidentes, adxudicado pola Central de Contratación da FEMP 03/03/2023a MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA o 11 de febreiro de 2021, e formalizado en documento administrativo o 12 de marzo do mesmo ano, de acordo coa oferta formulada:*

- *Prima: 7.468 €*
- *Aumento do límite máximo de indemnización como consecuencia dun único sinistro de 5.000.000 €.*
- *Redución na prima mínima de emisión de 180 €.*

*Cuarto.- No presente contrato baseado non se esixe garantía definitiva ao adxudicatario por canto a depositou na FEMP consonte ao previsto na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas que rexe o acordo marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP.*

*Quinto.- O contrato baseado iniciarase en data 3 de marzo de 2023.*

*Sexto.- Imputarase á aplicación orzamentaria dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo 9251 2240000 “SEGURO VOLUNTARIOS/AS” e con cargo á bolsa de vinculación.*

*Sétimo.- Nomease responsable do contrato baseado a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.*

*Oitavo.- Ordenar a súa publicación no perfil do contratante, e a remisión do correspondente anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, por tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada.” contrato privado de seguros, tramitado co número expediente 1228/322 pola Oficina Municipal de Voluntariado, se ten subscrito unha póliza para a cobertura do risco, cuxo vencemento se producirá o vindeiro 02/03/2023, ás 24:00 horas.(...)”.*

VI. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2023, adoptou o seguinte acordo (expte. Núm. 6739-241):





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

*“1º.- Autorizar a prórroga do contrato baseado no Acordo Marco de mediación de riscos e seguros adxudicado pola Central de Contratación da FEMP con data de 12 de decembro de 2019, a WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A. e formalizado o 3 de marzo de 2020 para o período comprendido entre o 04/03/2023 e o 03/03/2024.*

*2º.- Comunicar este acordo á empresa adxudicataria a través da plataforma informática da Central de Contratación, publícala no perfil do contratante do Concello e notifícala segundo o disposto na LCSP”.*

VII. Con data 11/12/2023 ten entrada a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo un escrito (DOC. 230396162) remitido por Willis Iberia como corredor asignado do Concello de Vigo, comunicando en relación á prórroga do contrato de seguro de accidentes para os voluntarios/as do Concello de Vigo, que en base ao PCAP do Acordo Marco de Seguros da FEMP e a tenor do disposto no artigo 29.2 da LCSP, será necesario proceder a comunicar o preaviso da prórroga, que se acordará polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alomenos con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do Contrato baseado.

VIII. Con data 28/12/2023 asínase pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e pola terceira tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio ambiente, Educación, Deportes e Xuventude o documento de preaviso de prórroga, que resultou remitido a través de Willis Iberia - como corredor asignado do Concello de Vigo -, para a súa remisión en prazo á compañía aseguradora adxudicataria MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA (CIF: W2764898I), segundo resulta acreditado no expediente (mediante comunicación electrónica de data 28/12/2024).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I. O artigo 10.e) da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado establece que os voluntarios teñen dereito a estar cubertos, a cargo da entidade de voluntariado, dos riscos de accidente e enfermidade directamente derivados do exercicio da acción voluntaria e de responsabilidade civil nos casos en que a lexislación sectorial o exixa, a través dun seguro ou outra garantía financeira

Asemade o artigo 14 da dita norma dispón que as entidades de voluntariado están obrigadas a subscribir unha póliza de seguro ou outra garantía financeira adecuada ás características e circunstancias da actividade desenvolvida polos voluntarios, que lles cubra os riscos de accidente e enfermidade derivados directamente da actividade voluntaria.

Por último, segundo o disposto no artigo 16 da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia, as administracións públicas subscribirán unha póliza de seguros que

abrirá os riscos derivados da acción das persoas voluntarias, tanto a responsabilidade civil derivada das súas actuacións como os accidentes que poidan sufrir, cando estas participen en programas ou proxectos que sexan organizados por aquelas.

II. O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, agás cando no prego que rixa o contrato se estableza un maior.

Segundo consta nos antecedentes da presente proposta, consta efectuado o preaviso ao contratista dentro do prazo legal.

II. O PCA do Acordo Marco prevé na súa cláusula 21.5 a posibilidade de solicitar prórrogas nos seus contratos baseados, conforme ao seguinte procedemento:

*“La duración ordinaria de los Contratos basados será de un año, pudiendo prorrogarse por un año más (2 años de duración máxima), sin modificar las restantes condiciones del Contrato basado, salvo aquellas previstas por el presente pliego y demás legislación vigente.*

*Se exceptúa de esta regla general los contratos basados de seguros de responsabilidad civil de funcionarios y altos cargos de la administración (Lote 5), cuya duración será solo de 1 año, sin posibilidad de prórrogas.*

*Conforme a lo dispuesto en el artículo 29.2 de la LCSP, la prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, siempre que su preaviso se produzca al menos con dos meses de antelación a la finalización del plazo de duración del contrato basado.*

*En ningún caso podrá producirse la prórroga por el consentimiento tácito de las partes.*

*Se exceptúa de esta regla general el supuesto regulado en el apartado 21.10 de este Pliego sobre la “falta de rentabilidad derivada del aumento de la siniestralidad”. En este caso, la prórroga deberá articularse de mutuo acuerdo entre las partes, pudiendo, si se estima necesario, modificarse el Contrato basado conforme a lo indicado en dicha cláusula 21.10.*

*La prórroga del Contrato basado establecida en esta cláusula no será obligatoria para el contratista en los casos en que en el contrato se dé la causa de resolución establecida en el artículo 198.6 de la LCSP, por haberse demorado la Administración en el abono del precio más de seis meses.*

*Si fuera necesario continuar con la prestación objeto del contrato, cuando al vencimiento o denuncia del contrato no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación a realizar por el contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecimientos imprevisibles para el órgano de contratación producidas en el procedimiento de adjudicación y existan razones de interés público para no interrumpir la prestación, se podrá prorrogar el contrato originario hasta que comience la ejecución del nuevo contrato y en todo caso por un periodo máximo de seis meses, sin modificar las restantes condiciones del contrato”.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

De conformidade co indicado na referida cláusula 21.5 do PCA, este contrato é susceptible de prórroga por un (1) ano adicional e non se atopa nos supostos excepcionais anteriormente descritos e regulados na cláusula 21.10 do PCA e 198.6 da LCSP, procedendo por tanto aplicar as regras xerais para a prórroga do contrato baseado.

As condicións que deberán rexer esta prórroga serán as mesmas que as do contrato baseado e se manterán inalterables durante toda a vixencia da prórroga, tal e como se establece no PCA, que de acordo coa oferta formulada serían as seguintes:

- *Prima: 7.468 €*
- *Aumento do límite máximo de indemnización como consecuencia dun único sinistro de 10.000.000 €.*
- *Redución na prima mínima de emisión de 180 €.*

III. A este respecto, advírtese un **erro material** no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 03/03/2023, na que consta un aumento do límite máximo de indemnización como consecuencia dun único sinistro de 5.000.000 € en lugar dos 10.000.000 € ofertados por Markel, polo que de conformidade co disposto no artigo 109.2 da LPAC cómpre a súa rectificación.

De conformidade co anteriormente exposto e de acordo co establecido nos artigos 29 e conforme á previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe e previo informe de fiscalización favorable da Intervención Xeral Municipal, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte

### ACORDO

**PRIMERO.** - Rectificar, de conformidade co disposto no artigo 109.2 LPAC, o erro material advertido no apartado terceiro do acordo adoptado en expte. núm. 6782-241 pola Xunta de Goberno Local, en data 3/03/2023, na que consta un aumento do límite máximo de indemnización como consecuencia dun único sinistro de 5.000.000 € en lugar dos 10.000.000 € ofertados por Markel, polo que cómpre a súa corrección, e onde di:

*“(…) Terceiro.- Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 8 seguro colectivo de accidentes, adxudicado pola Central de Contratación da FEMP 03/03/2023 a MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA o 11 de febreiro de 2021, e formalizado en documento administrativo o 12 de marzo do mesmo ano, de acordo coa oferta formulada:*

- *Prima: 7.468 €*
- *Aumento do límite máximo de indemnización como consecuencia dun único sinistro de 5.000.000 €.*
- *Redución na prima mínima de emisión de 180 €. (...)”*

Debe dicir:

*“(…) Terceiro.- Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 8 seguro colectivo de accidentes, adxudicado pola Central de Contratación da FEMP 03/03/2023 a MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA o 11 de febreiro de 2021, e formalizado en documento administrativo o 12 de marzo do mesmo ano, de acordo coa oferta formulada:*

- *Prima: 7.468 €*
  - *Aumento do límite máximo de indemnización como consecuencia dun único sinistro de 10.000.000 €.*
  - *Redución na prima mínima de emisión de 180 €.*
- (…)”*

**SEGUNDO.-** Autorizar a prórroga de un (1) ano para o período comprendido entre o 03/03/2024 e o 02/03/2025 do contrato baseado para o contrato de seguros LOTE 8 Seguro de accidentes para os voluntarios/as do Concello de Vigo (EXP. 6782/241), do que é adxudicataria MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA (CIF: W2764898I), por acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/03/2023.

O importe da prórroga será de 7.468 € manténdose, no período de prórroga, as seguintes melloras de acordo coa oferta formulada:

- *Aumento do límite máximo de indemnización como consecuencia dun único sinistro de 10.000.000 €.*
- *Redución na prima mínima de emisión de 180 €.*

**SEGUNDO:** Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe total de 7.468 €, que se imputará á aplicación orzamentaria dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo 9251 2240000 SEGURO VOLUNTARIOS/AS.

**TERCEIRO:** Comunicar esta resolución á empresa adxudicataria a través da plataforma informática da Central de Contratación, publicala no perfil do contratante desta Entidade Local e notificala nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(103).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DIVULGACIÓN DOS ESPAZOS MUSEALIZADOS DA FORTALEZA DE VIGO. EXPTE. 11434/307.**

Visto o informe xurídico do 15/02/2024 e o informe de fiscalización do 16/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 05/02/024, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

Con data 14 de xullo de 2023 a Primeira Tenente de Alcalde e concelleira delegada da área de goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística ditou orde de inicio do expediente administrativo dirixido a **CONTRATACIÓN SERVIZOS DE DIVULGACIÓN DOS ESPAZOS MUSEALIZADOS DA FORTALEZA DE VIGO**

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico de data 14 de xullo de 2023.
- Resolución da Primeira Tenente de Alcalde e concelleira delegada da área de goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, de data 14 de xullo de 2023 para o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada o 29 de decembro de 2023 pola xefa de Patrimonio Histórico e pola Primeira Tenente de Alcalde e concelleira delegada da área de goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística .
- Prego de prescricións técnicas asinado pola xefa de Patrimonio Histórico o 29 de decembro de 2023.
- Memoria xustificativa asinada o 2 de febreiro de 2024 pola xefa de Patrimonio Histórico e pola Primeira Tenente de Alcalde e concelleira delegada da área de goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Informe asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación o 5 de febreiro de 2024 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación o 5 de febreiro de 2024.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019), aos concelleiros de Area.

**Segundo.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Terceiro.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Cuarto.-** É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira apartado 8 LCSP) e o informe de fiscalización (art. 214 TRLRFL e Disposición adicional terceira apartado 3 LCSP), propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

## **III.- ACORDO:**

**1º.- Aprobar o expediente de contratación** polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE DIVULGACIÓN DOS ESPAZOS MUSEALIZADOS DA FORTALEZA DE VIGO.

**2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas** asinado pola xefa de Patrimonio Histórico o 29 de decembro de 2023.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

**3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares** asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación o 5 de febreiro de 2024.

**4º.- Autorizar o gasto:**

**A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído):** 169.438,84 euros

**B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (21%):** 29.406,74 euros

**C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:** 140.032,10 euros

**D) ANUALIDADES CON IVE E APLICACIÓN ORZAMENTARIA:**

Anualidade	Datas	Importes	Partidas
2024	23/07/2024 31/12/2024	36.565,35 euros	3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro
2025	01/01/2025 31/12/2025	80.000 euros	3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro
		4.473,05 euros	3360.2260900. Representacións histórico-cultural
2026	01/01/2026 22/07/2026	48.400,44 euros	3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro

**5º.- Abrir o procedemento licitatorio** para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(104).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN MARCO DE VIGO PARA O SEU FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO 2024. EXPTE. 3566/341.**

Visto o informe xurídico de data 09/02/2024 e o informe de fiscalización do 12/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 2/02/2024, asinado polo xefe de Museos municipais e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, o concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 19 de xaneiro de 2024 a Fundación Marco presenta a través da Sede Electrónica do Concello de Vigo a solicitude, subscrita polo seu director, de transferencia de financiamento para 2024, por importe de 725.000,00 €, e que se aprobe o calendario de pagamentos, achegando a documentación correspondente.

Neste exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Marco para o financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2024 é

de **725.000,00 €**, con cargo á partida 3330.489.00.03 “Fundación Marco”, incluída no presuposto de 2024 do Concello de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal con data 27 de decembro de 2023.

#### **ANTECEDENTES.-**

No pasado exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo) xestionouse a través dunha transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2023 por importe de 725.000 €, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 20 de xaneiro de 2023 (expediente 3341-341). Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral, de datas 18 de marzo de 2016, 20 de xaneiro de 2017 e sucesivos.

Dos anteriores informes do Servizo de Fiscalización, fundamentados con amplitude en moi diversas normas legais de aplicación, extráense as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2024:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións do sector Público estatal, definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.
- A Fundación Marco é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.
- A Fundación Marco reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2024 ten previsto financiarse nun 69,25% polo Concello de Vigo (a través dunha transferencia de financiamento), pola Xunta de Galicia nun 9,55%, polo Ministerio de Cultura nun 4,78%, pola Deputación de Pontevedra nun 9,55%, e patrocinios, ingresos propios e outros: 6,88%; ademais que o Concello e as outras administracións posúen a práctica totalidade dos membros dos seus órganos de goberno e representación.

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016 a 2023 tamén aplicables a 2024, son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación Marco é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.
- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación Marco debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo doa Lei 19/2013.

O Secretario da Administración municipal, no seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación Marco daquel exercicio, realiza a seguinte formulación que se considera extrapolable a outros casos de financiamento incluídos no programa presupostario





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

3330 (Fundación Liste e Fundación Laxeiro): “podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral”.

As bases de execución do presuposto non establecen ningunha normativa á que deba suxeitarse as transferencias de financiamento, si ben corresponde á Intervención Xeral a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior. Nos exercicios anteriores o Servizo de Museos só establecía a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que coincidía coa solicitada pola Fundación Marco.

Con data 21 de xuño de 2019 o Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario xunto co Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda subscriben a instrución sobre “Cumprimento dos prazos de pagamento”, expediente 104/143 que afecta ao MARCO, como fundación que forma parte do perímetro de consolidación do Grupo do Concello de Vigo, da que resulta:

- As entregas a conta faranse a principio de cada trimestre e a achega dos xustificantes pola Fundación MARCO achegarase con carácter previo aos seguintes anticipos, debendo facerse o correspondente ao 4º trimestre dentro do ano natural.
- O acordo de financiamento para o ano (n) deberá estar aprobado antes do remate do ano (n-1), e as entregas a conta, faranse dentro dos 10 primeiros días do trimestre; polo que compre:
  - adaptar os prazos de pagamento da futura transferencia de financiamento, ao calendario indicado na instrución,
  - ter recibido no Concello de Vigo a información relativa aos períodos medios de pagamento mensual en relación coa débeda comercial e os xustificantes correspondentes, con carácter previo ao anticipo;
  - que a solicitude da Fundación MARCO, sobre transferencia de financiamento do programa e presuposto de 2024, deba presentarse nos primeiros días do mes de decembro do ano en curso (co presuposto e programa aprobado polo Padroado); xa que, como indica a instrución, o acordo de financiamento deba estar aprobado antes do remate do ano a financiar e a primeira entrega a conta faranse dentro dos 10 primeiros días do trimestre (neste caso tralo acordo Xunta de Goberno Local), unha segunda achega antes do 10 de abril de 2024, unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2024, e unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2024.

Con data 4 de decembro de 2023 (expte. 2744/341) foi comunicada ao MARCO a citada instrución para adaptar o calendario de pagos á mesma (entregas a conta ao principio de cada trimestre e achega previa de xustificantes).

### **FUNDACIÓN MARCO.-**

O Pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002, por unanimidade, acordou a súa participación na Fundación Marco, como entidade fundadora e aprobar os Estatutos da Fundación. Con data 22 de outubro de 2002, constitúese a Fundación Marco, CIF G36909885, na Casa do Concello de Vigo, en escritura pública diante do notario Mariano Vaqueiro Rumbao, protocolo num 2.100. Nos estatutos aprobados polo Pleno do Concello e na acta de constitución da Fundación Marco figuran como entidades fundadoras o Concello de Vigo, Caixanova, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra.

A Fundación Marco está dedicada á realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e da cultura contemporáneas, con particular atención á produción artística da Comunidade Galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, a conservación, o estudo, a exposición e interpretación educativa de obras de arte contemporánea, ao tempo que deberá impulsar a estimulación da sensibilidade da sociedade cara á cultura actual.

Con data 5 de xaneiro de 2006 protocolízase en escritura notarial (Núm. 19; Notario: Mariano Vaqueiro Rumbao) a incorporación ao Padroado da Fundación Marco *"Un vocal (1) designado polo Ministerio de Cultura da Administración Xeral do Estado en atención ao seu compromiso estable coa Fundación e en función da súa achega."*; derivado do acordo do Padroado de data 20 de decembro de 2005.

A Deputación provincial de Pontevedra, entidade cofundadora da Fundación Marco, con data 21 de decembro de 2011 dera por concluídos os compromisos adquiridos con diversas Fundacións e Organismos, entre os que se incluía a Fundación Marco, deixando de pertencer como membro dos mesmos e de participar no seu financiamento cunha achega fixa anual, todo iso, sen prexuízo de que puidera colaborar con eles mediante achegas puntuais, segundo o permitan as necesidades económicas.

Novacaixagalicia (antes Caixanova, entidade cofundadora da Fundación Marco) comunicou á Fundación Marco, en escrito do 31 de xaneiro de 2012 a súa renuncia á posibilidade de seguir colaborando coa Fundación e rescindindo o compromiso asumido, eximindo "á Caixa" da necesidade de realizar unha achega económica correspondente á súa cota patronal.

O Padroado da Fundación Marco na sesión 25 de outubro de 2018 acordou aprobar os Estatutos Consolidados da Fundación e prodúcese a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego por resolución do 11 de marzo de 2019.

#### Declaracións de interese cultural e interese galego.

A Fundación Marco, foi clasificada de interese cultural, por Orde de 13 de decembro de 2002, da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (DOG núm 2, do 3 de xaneiro de 2003); e foi declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións por Orde de 15 de xaneiro de 2003 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG núm 24, do 4 de febreiro de 2003).

#### Composición actual do Padroado da Fundación Marco.-

Segundo certificado expedido pola Secretaría Accidental da Fundación Marco, Susana Gallardo Fariña e co visto e prace do actual presidente do Padroado da Fundación, Abel Caballero Álvarez, de data 16 de xaneiro de 2024:

Presidente.- Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo.

Vicepresidenta.- M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego, 1<sup>a</sup> Teniente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.

Vogais.- Gorka Gómez Díaz, M<sup>a</sup> Carmen Lago Barreiro, Elena Espinosa Mangana, Cayetano Rodríguez Escudero, Ana Martínez Piñeiro, José Miguel Martín Peña (Concello de Vigo), Anxo Manuel Lorenzo Suárez (Xunta de Galicia) e Mercedes Roldán Sánchez (Ministerio de Cultura).

Secretario.- Secretario Xeral do Pleno do Concello de Vigo.

Padroa de Honra, sen voto, Carlota Álvarez Basso.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

Os representantes do Concello de Vigo foron designados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de setembro de 2019 e como consecuencia da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio de 2019.

### **SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO.-**

A Fundación Marco ten achegado a seguinte documentación para a transferencia de financiamento para funcionamento do exercicio 2024 do Museo de Arte Contemporánea de Vigo:

- Solicitud de transferencia de financiamento do Concello de Vigo por importe de **725.000,00 €** presentada no Rexistro Xeral do 19 de xaneiro de 2024 xunto coa seguinte documentación:
  - Orzamento de ingresos e gastos do exercicio 2024, co detalle dos gastos dos principais proxectos e partidas.
  - Programación completa de exposicións para o exercicio 2024.  
Certificacións e declaracións.- No expediente inclúense copias vixentes das seguintes:
    - Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
    - Certificación da Axencia Tributaria de Galicia-Consellería de Facenda de non ter débedas pendentes en período executivo non aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.
    - Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social e certificación de non ter débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello na vía de constrinximento.

### **ORZAMENTO 2024 DA FUNDACIÓN MARCO.-**

Na documentación achegada pola Fundación Marco inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2024, que ascende a un total de **1.047.000,00 €**. As achegas das entidades fundadoras e integradas no Padroado para o ano 2024 que detallan son as seguintes:

➤ Concello de Vigo	725.000,00 € (69,25%);
➤ Xunta de Galicia	100.000,00 € (9,55%);
➤ Ministerio de Cultura	50.000,00 € (4,78%);
➤ Deputación Pontevedra	100.000,00 € (9,55 %);
➤ Amigos MARCO	12.000,00 € (1,15%);
➤ Ingresos Marco (Patrocinios, cursos, alugueres, catálogos,...)	60.000,00 € (5,73%);

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

1. Persoal:	354.062,00 € (33,82%);
2. Gastos xerais (e extraordinarios):	329.085,00 € (31,43%);
3. Exposicións e actividades :	336.603,00 € (32,15%);
4. Gastos financeiros:	1.250,00 € (0,12%);
5. Outros (Amortizacións....):	26.000,00 € (2,48%).

A comparación entre a previsión de presuposto de orzamento de 2024 e do orzamento de 2023 presenta as seguintes variacións:

<b>INGRESOS</b>	<b>ORZAMENTO 2023</b>	<b>ORZAMENTO 2024</b>
<b>Achegas institucións:</b>		
Concello de Vigo	725.000	725.000
Concello de Vigo Laxeiro	120.000	0
Xunta de Galicia	100.000	100.000
Ministerio de Cultura	50.000	50.000
Deputación de Pontevedra	100.000	100.000
	<b>1.095.000</b>	<b>975.000</b>
<b>Outros ingresos:</b>		
Ingresos Patrocinios	10.000	10.000
Ingresos actividades propias	39.700	45.000
Amigos MARCO	10.500	12.000
Catálogos	4.000	5.000
	<b>64.200</b>	<b>72.000</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>1.159.200</b>	<b>1.047.000</b>

<b>GASTOS</b>	<b>2023</b>	<b>2024</b>
Persoal	336.922	354.062
Gastos Xerais+Extraordinarios	421.356	329.085
Exposicións e actividades	364.633	336.603
Gastos financeiros	1.250	1.250
Amortizacións, recuperación fondos propios	35.039	26.000
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>1.159.200</b>	<b>1.047.000</b>

VARIACIÓN PORCENTAXES 2024-2023.-

Considerando as porcentaxes de participación das entidades e tipos de achegas, entre a previsión do orzamento total de 2024 e a estimación do orzamento total de 2023 (tomando os datos facilitados polo MARCO), presenta as seguintes variacións:

INGRESOS.-

	<u>2023</u>	<u>2024</u>	<u>Dif. 2024-2023</u>
➤ Concello de Vigo	62,54%	69,25%	+6,71
➤ Concello de Vigo Laxeiro	10,35%	-	-10,35



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

➤ Xunta de Galicia	8,63%	9,55%	+0,92
➤ Ministerio de Cultura	4,31%	4,78%	+0,47
➤ Deputación Pontevedra	8,63%	9,55%	+0,92
➤ Ingresos patrocinios, activ.	4,63%	5,73%	+1,10
➤ Amigos MARCO	0,91%	1,15 %	+0,24

### GASTOS.-

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

	<u>2023</u>	<u>2024</u>	<u>Dif. 2024-2023</u>
1. Persoal:	29,07%	33,82%	+4,75
2. Gastos xerais:	36,35%	1,43%	-4,92
3. Actividades (expos., activ., etc.):	31,46%	32,15%	+0,69
4. Gastos financeiros:	0,11%	0,12%	+0,01
5. Amortizacións:	3,02%	2,48%	-0,54

### XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN MARCO

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Marco víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, establecéndose no propio acordo de concesión a regulación das condicións e obrigas (ao igual que no caso da Fundación Laxeiro; con convenio regulador no caso da Fundación Liste). Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

Como, actualmente, a achega municipal á Fundación Marco vai resultar unha transferencia de financiamento, que controlará posteriormente a Intervención Xeral, cumpriría establecer unhas normas de colaboración (antes recollidas nas obrigas do acordo de concesión das subvencións nominativas) que permitan á Concellería-delegada de Cultura seguir coñecendo o funcionamento do centro, as súas actividades e proxección; desta forma, con independencia dos controles financeiros e de fiscalización que realice a Intervención Xeral, concretaríase o cumprimento da competencia-delegada de xestionar a colaboración coa citada fundación financiada pola Administración Local.

Á vista do exposto, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e do concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, previos os informes xurídico e da Intervención Municipal, faise a seguinte

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

#### PRIMEIRO.-

1.- Transferir á Fundación Marco, CIF: G36909885, un importe de **725.000,00 €** (setecentos vintecinco mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2024, de acordo co seguinte calendario,

derivado da instrución do 21 de xuño de 2019 (expediente 104/143) do Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario xunto co Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda sobre "Cumprimento dos prazos de pagamento", que afecta ao MARCO, como fundación que forma parte do perímetro de consolidación do Grupo do Concello de Vigo:

- ◆ Unha primeira entrega a conta tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 181.250,00 € (25% do importe concedido).
- ◆ Unha segunda entrega a conta antes do 10 de abril de 2024, por importe de 181.250,00 € (25% do importe concedido).
- ◆ Unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2024, por importe de 181.250,00 € (25% do importe concedido).
- ◆ Unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2024, por importe de 181.250,00 € (25% do importe concedido).

As entregas a conta faranse a principio de cada trimestre e a achega dos xustificantes pola Fundación MARCO realizarase con carácter previo aos anticipos e, en xeral, adaptaranse á citada instrución do 21 de xuño de 2019 (expediente 104/143).

2.- A transferencia de financiamento poderá financiarse con cargo á partida 3330.489.00.03 "Fundación Marco", que figura no orzamento de 2024 do Concello de Vigo.

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente cos seus servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

## **SEGUNDO.-**

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 20 e 28 de xuño e 3 de xullo de 2023 establece na concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, entre outras, a seguinte: "e) en materia de museos: (...) 4. Relacións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo Fundación".

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Marco, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos da Fundación Marco:

## **PRIMEIRA.-**

O pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002 acordara participar na Fundación Marco como entidade fundadora e achegarlle determinadas contías para financiamento de gastos derivados do seu funcionamento.

## **SEGUNDA.-**

Na documentación achegada pola Fundación Marco inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2024, que ascende a un total de **1.047.000,00 €**.

A previsión de ingresos quedará do seguinte xeito:

➤ Concello de Vigo	725.000,00 € (69,25%);
➤ Xunta de Galicia	100.000,00 € (9,55%);
➤ Ministerio de Cultura	50.000,00 € (4,78%);
➤ Deputación Pontevedra	100.000,00 € (9,55 %);
➤ Amigos MARCO	12.000,00 € (1,15%);
➤ Ingresos Marco (Patrocinios, cursos, alugueres, catálogos,...)	60.000,00 € (5,73%);



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

- A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:
  - Persoal: 354.062,00 € (33,82%);
  - Gastos xerais (e extraordinarios): 329.085,00 € (31,43%);
  - Exposicións e actividades : 336.603,00 € (32,15%);
  - Gastos financeiros: 1.250,00 € (0,12%);
  - Outros (Amortizacións....): 26.000,00 € (2,48%).

### TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN MARCO.-

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento ou partidas que consten nos presuposto municipais a favor do MARCO e que aprrobe a Xunta de Goberno Local ou órgano de goberno competente.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola Fundación Marco, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación Marco, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

### CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da Fundación Marco e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

### QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa Fundación Marco é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a Fundación Marco informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

### SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A Fundación Marco adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada de Cultura.

A Fundación Marco asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada de Cultura a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao Marco (ou á Fundación), aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada de Cultura.

A Fundación Marco comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

#### LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa financiado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, para que os elementos sexan financiábeis.

#### SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN MARCO.-

A Fundación Marco achegará á concellería-delegada de Cultura do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súas actividades e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

#### DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN MARCO AO CONCELLO.-

- a) Informes trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da Fundación Marco; que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do período do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos do período trimestral correspondente, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da Fundación Marco, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

- catálogos editados por entidades distintas á Fundación Marco, o Museo achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Marco.
  - e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado de Cultura con antelación á súa realización.
  - f) Gastos de persoal, xustificados cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).
  - g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Marco de cada exercicio, nos dez primeiros días naturais despois do remate da anualidade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
    - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
    - Memoria de prensa.
    - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A Fundación Marco deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das transferencias de financiamento.

A Fundación Marco deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.

### OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación Marco de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(105).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “PAVIMENTACIÓN DA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA”EXPTE. 5697/443.**

Dáse conta do informe-proposta de data 20/02/2024, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo de Vías e Obras e conformado polo concelleiro da Área de Fomento, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 29.06.2022 resolveu autorizar o gasto e adjudicar o contrato menor para a redacción do proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA a favor da mercantil INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.

**II.-** A devandita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. María Ferreiro Núñez.

**III.-** O Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 24.01.2024 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta da Técnica de Xestión e Xefa do Servizo administrativo e de control orzamentario, en data 26.01.2024 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** A actuación se desenrola principalmente na rúa República Argentina, e consisten as obras a executar as que enuméranse a seguir:

- Proxéctase unha actuación de rehabilitación superficial do firme, co obxectivo de conservar e mellorar as características funcionais da vía, tanto de seguridade como de comodidade, así como de protexer o conxunto do firme, logrando un aumento da durabilidade, impermeabilidade, uniformidade e aspecto.
- No tramo comprendido entre a rúa Urzaiz e a avenida García Barbón, así como no tramo que discorre despois do cruzamento coa rúa Rosalía de Castro ata o



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

cruzamento coa rúa Arenal, o firme presenta gretas e parches de carácter superficial.

- Despois do cruzamento coa avenida García Barbón ata o cruzamento con Rosalía de Castro e o tramo de Rosalía de Castro ata a rúa Pontevedra, o vial presenta maior irregularidade superficial con gretas, parches e reposicións de gabias de redes de servizos. Nestes tramos será necesario dispoñer unha capa de regularización baixo a de rodadura.
- Ademais renovarase toda a sinalización horizontal do ámbito do proxecto e se recrecerán todas as arquetas á cota do vial proxectado.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DOUS) 2 meses.

V.- A Enxeñeira Técnica de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite en data 02.02.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*

*No aspecto urbanístico trátase dunha actuación en viais de titularidade municipal e as obras ás que se refire o proxecto non modifican nin os usos nin as dimensións da rúa.*

*Tendo en consideración que aínda que as obras propostas atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica, non presentan en ningún momento unha altura superior á xa existente de luminarias e demais elementos que conforman o perfil da zona. En consecuencia, entenderase que non é preciso o requirimento da autorización, por non elevar o perfil existente na súa contorna.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*

### CONCLUSIÓN

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

Aprobar o proxecto de **“PAVIMENTACIÓN DA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA”**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO OITENTA E TRES MIL TRESCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (183.354,59 €), de data setembro 2022.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

### **13(106).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZO PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES VIGOSÓNICO. EXPTE. 9860/336.**

Visto o informe xurídico do 31/01/2024 e o informe de fiscalización do 6/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 23/01/2024, asinado pola técnica Medio de actividades culturais e educativas e conformado pola concelleira-delegada de Turismo, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES.-**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de **2 de febreiro de 2023**, aprobou o expediente para a contratación da prestación do servizo de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO e o desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical, outras disciplinas artísticas e actividades de dinamización xuvenil.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de **11 de abril de 2023**, acordou adxudicar a **JUAN PABLO RIVAS PIRES (\*\*.\*31.18\*)** o procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (9624-336) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 92.286,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.389,73 euros:

- Parte fixa do contrato: 91.456,16 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.314,20 euros.

- Parte variable do contrato: 830,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 75,53 euros.

- Incrementa a formación dos medios persoais a adscribir ao contrato, a maiores da esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP, en:

a) Coordinador/a do programa: Informática, en especial en bases de datos, follas de cálculo, deseño de páxinas web, así como en outro tipo de aplicacións e soportes para a xeración de contidos e o seu mantemento na internet:

- Curso en bases de datos de 50 horas.
- Curso en follas de cálculo de 150 horas.
- Curso en deseño de páxinas web de 76 horas.
- Outros:
  - Publicidade en Internet: Google Adwords de 76 horas.

b) Incrementa a experiencia laboral dos medios persoais a adscribir ao contrato, a maiores da esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP, en:

- Coordinador/a do programa: 3 anos.
- Técnico/a de son: 5 anos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

**Terceiro.-** No apartado 4C das FEC, establécese que o contrato constará de “**PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN:** si. Dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.”

**Cuarto.-** Con data 5 de maio de 2023 foi asinado o contrato nos seguintes termos:

“1.- JUAN PABLO RIVAS PIRES comprométese á execución do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de VIGOSÓNICO (9624-336) , con estrita suxeición aos pregos de Prescricións Técnicas e de Cláusulas Administrativas Particulares aprobados polo Excmo. Concello, documento contractual que acepta plenamente e do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade.

2.- O prezo total do contrato é de 92.286,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.389,73 euros:

◦ Parte fixa do contrato: 91.456,16 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.314,20 euros.

◦ Parte variable do contrato: 830,80 euros, sendo a conta correspondente ao IVE de 75,53 euros.

3.- O pagamento do prezo do contrato aboarase conforme ao establecido na cláusula 32 do prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

4.- O prazo do contrato é dun (1) ano. Contemplase dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha. A data de inicio do contrato é o 9 de maio de 2023.”

**Quinto.-** Consta no expediente a retención de crédito 202400004318: “RETENCIÓN DE CRÉDITO P/TRAMITAR 1a PRÓRROGA CONTRATO DA XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES D VIGOSÓNICO P/ PERÍODO 09/05/2024 - DEC 2024. //// P. FIXA : 55.982,26€ : 6.097,07€ Período 09-31/05/2024(22 días) (277,14€/día x 22 días) + 49.885,20€ Período Xuño - Dec 2024. (8.314,20€/mes x 6 meses (agosto non).

PARTE VARIABLE : 0€ (Facturarase ao remate do contrato en función das horas consumidas (50 horas).”

**Sexto.-** O importe do contrato para o período comprendido entre o 9 de maio de 2024 ata decembro 2024 ascende a 55.982,26 € .

O importe do contrato correspondente ao período dende xaneiro ao 8 de maio de 2025 ascende a 36.304,70€.

**Séptimo.-** Incorpórase ao expediente solicitude presentada pola empresa adxudicataria **JUAN PABLO RIVAS PIRES** (\*\*.\*31.18\*) solicitando a prórroga do contrato .

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-**

**Primeiro.-** Segundo o Prego de Cláusulas Administrativas, na cláusula 7, apdo 3, “Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

**Segundo.-** Segundo as FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC) 4. PRAZO C: "...establécese que o contrato constará de "**PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN:** si. Dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha."

**Terceiro.-** Ante a necesidade de prorrogar por un ano a CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DE VIGOSÓNICO/ expte 9624-336, polo período dun ano contado dende o 9 de maio de 2024 e ata o 8 de maio de 2025, toda vez que os traballos durante o primeiro ano desenvolvéronse satisfactoriamente pola adxudicataria e tamén, por tratarse de servizos que favorecen a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias viguesas con fillos/as con idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos de idade.

**Procede a primeira prórroga do mesmo,** nas mesmas condicións e características aprobadas e expostas nos antecedentes do presente informe proposta e no referido expediente 9624-336.

**Cuarto.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

### **ACORDO.-**

En base ao que antecede, **proponse á Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.-** "Prorrogar por un ano a CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DE VIGOSÓNICO expte 9624-336, polo período dun ano".

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto total de 92.286,96 € de noventa e dous mil douscentos oitenta e seis con noventa e seis euros, IVE incluído, e que correspondente a **primeira prórroga da CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DE VIGOSÓNICO expte 9624-336**, dos cales 55.982,26€ corresponden ao período 09/05/2024 - dec 2024 (agosto non) e 36.304,70€ ao período 01/01/2025 – 08/05/2025 con cargo á partida orzamentaria 3370.2279901 e a súa bolsa de vinculación.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo á adxudicataria e publicar o mesmo no perfil do contratante do Concello de Vigo"

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación dos servizos de limpeza e de pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo. Expte. Expte. 1534/613.
- .- Prórroga do “Contrato do Servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas dende o Concello de Vigo”. Expte. 18174/101.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

#### **14(107).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA E DE PEQUENO MANTEMENTO DAS DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO. Expte. 1534/613.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 22/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 21/02/2024, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 23 de outubro de 2023, a concelleira da Área de Goberno de Educación resolve autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación do expediente administrativo para a contratación do servizo limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación, de data 20/10/2023.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Educación de data 23/10/2023 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e polos concelleiros das Áreas de Goberno de Educación e de Orzamentos e Facenda, asinada o 02/02/2024.
- Documentos contables RC 8355 por importe de 135.828,85 euros e RCFUT 8356 por importe de 733.985,95 euros, de data 05/02/2024.
- Anuncio de información previa no Diario Oficial da Unión Europea, publicado o 08/02/2024.
- Declaración da redactora do PPT, de data 09/02/2024.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) e dous Anexos, de data 09/02/2024, redactado pola xefa do Servizo de Educación.
- Memoria xustificativa, asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación de Educación o 09/02/2024.
- Informe de data 12/02/2024 do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 12/02/2024, redactado pola xefa da Area de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A prestación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO).

Duración: A duración do contrato será de catro anos; existindo a posibilidade dunha prórroga dun ano.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 217.453,70 euros, exento de IVE, polo que o prezo total do contrato para catro anos é de 869.814,80 euros.

Aplicacións orzamentarias: 3261.227.0000 (Limpeza instalacións).

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público. A resolución segundo o artigo 117 da Lei 9/2017 deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 09/02/2024, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 12/02/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 869.814,80 euros (718.855,20 € máis 150.959,60 € de IVE a soportar pola administración), para a contratación dos servizos de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios, con cargo á aplicación orzamentaria 3261.227.0000 (Limpeza instalacións), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 135.828,85 euros correspondentes ao ano 2024;
- 217.453,70 euros correspondentes ao ano 2025;
- 217.453,70 euros correspondentes ao ano 2026;
- 217.453,70 euros correspondentes ao ano 2027;
- e 81.624,85 euros correspondentes ao ano 2028.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(108).- PRÓRROGA DO “CONTRATO DO SERVIZO DE CREACIÓN E DIFUSIÓN DE DE CAMPAÑAS E ACCIÓNS INSTITUCIONAIS DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN PROMOVIDAS DESDE O CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 18174/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 06/02/2024 e o informe de fiscalización do 20/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 22/01/2024, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

### I.- ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 4 de febreiro de 2021, adoptou o acordo de adxudicación da “Contratación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo”, expte. 18.174/101 a favor de ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808) por un prezo total de 1.387.835,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 240.863,98 euros, e coa seguinte redución sobre os prezos unitarios recollidos no apartado 3.G da FEC:

- a) Realización da Estratexia de Comunicación xeral institucional: 50%
- b) Deseño da imaxe e proposta de creatividade de cada unha das campañas: 33,33%
- c) Deseño dos bandos institucionais: 41,18%
- d) Deseño dos anuncios de carácter obrigatorio e institucional: 44,44%
- e) Realización e produción de cuñas radiofónicas: 20%
- f) Redución dos custes correspondentes ás tarifas para cada un dos espazos dos medios de comunicación e soportes publicitarios exteriores recollidos no apartado 3.G.f

#### 1.- PRENSA ESCRITA:

- 1) Faro de Vigo: 20,35%
- 2) La Voz de Galicia: 18,67%
- 3) Atlántico Diario: 11,90%

#### 2.- RADIO:

- 1) Radio Vigo: 14,05%
- 2) COPE: 0%
- 3) Onda Cero: 30,50%
- 4) Kiss FM: 62,00%

#### 3.- MEDIOS DIXITAIS:

- 1) La Voz de Galicia.es: 18,67%
- 2) Faro de Vigo.es: 20,35%
- 3) Atlántico Diario.es: 11,90%
- 4) Outros soportes (Galicia Ciencia, Vigo E, Vigoalminuto, Cies podcast, Galicia Confidencial, A Movidia e Metropolitano): 9,39%

#### 4.- TELEVISIÓN:

- 1) Televigo: 28,50%

g) Impresión do material gráfico detallado no apartado 3.G.g: 30,75%

Todo iso, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**Segundo.-** O contrato formalizouse en documento administrativo en data 2 de marzo de 2021 e na cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio o 03/03/2021.

Estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie

acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión ordinaria do día 24 de febreiro de 2022 a primeira prórroga do “Contrato do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas dende o Concello de Vigo”. Expte. 18174/101.

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2023 a segunda prórroga do “Contrato do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas dende o Concello de Vigo”. Expte. 18174/101.

**Terceiro.-** Con data 12 de xaneiro de 2024 comunícase a ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808) a finalización do prazo inicial do contrato o día 2 de marzo de 2024, e máis o preaviso do inicio da terceira prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, desde o 3 de marzo de 2024 ao 2 de marzo de 2025, de conformidade co art. 29.2 LCSP.

**Cuarto.-** A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo.-** O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordárase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

**Terceiro.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

Con data 12 de xaneiro de 2024 comunícase a ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808) a finalización do prazo inicial da segunda prórroga do contrato o día 2 de marzo de 2024, e máis o preaviso do inicio da terceira prórroga do contrato polo



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

prazo de 1 ano, desde o 3 de marzo de 2024 ao 2 de marzo de 2025, de conformidade co art. 29.2 LCSP.

**Cuarto.-** Considérase conveniente polos que subscriben, a proposta da terceira prórroga dun ano de duración do contrato “Contratación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo”, expte. 18.174/101, polo período comprendido entre o 3 de marzo de 2024 ao 2 de marzo de 2025, ambos os dous incluídos, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactoria e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

**Quinto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Sexto.-** O período da prórroga do contrato comprenderá entre os días 3 de marzo de 2024 ao 2 de marzo de 2025, ambos os dous incluídos.

**Sétimo.-** O importe da terceira prórroga deberá ser de aplicación aos créditos dos orzamentos da Alcaldía do Concello de Vigo, nas seguintes aplicacións orzamentarias:

- 9121 2260 200 (anuncios bandos, campañas institucionais) por importe de 1.107.454,17 €;
- 9120 2279 9069 (producción e seguimento plan de medios) por importe de 280.381,15 €.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PRO-PONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar a terceira prórroga dun ano de duración do contrato “Contrato do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas dende o Concello de Vigo”. Expte. 18174/101, adxudicado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 4 de febreiro de 2021, a favor da mercantil ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808) polo período comprendido entre o 3 de marzo de 2024 e 2 de marzo de 2025, ambos os dous incluídos.

**Segundo.-** Autorizar o gasto do contrato de servizos “Contratación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo”, expte. 18.174/101 a favor da entidade mercantil ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808) por importe total de 1.387.835,32 € (ive incluído) do vixente orzamento da Alcaldía con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e anualidades:

➤ O gasto que representa a prórroga con cargo á aplicación orzamentaria **9121 2260 200 (anuncios bandos, campañas institucionais)** ascende á 1.107.454,17 €, de acordo ás seguintes anualidades:

a) Ano **2024**:

Aplicación orzamentaria	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total ANO 2024
9121 2260 200 (anuncios bandos, campañas institucionais)	ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808)	885.499,31	185.954,86	1.071.454,17

b) Ano **2025**:

Aplicación orzamentaria	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total ANO 2025
9121 2260 200 (anuncios bandos, campañas institucionais)	ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808)	29.752,06	6.247,94	36.000,00

➤ O gasto que representa a prórroga con cargo á aplicación orzamentaria **9120 2279 9069 (producción e seguimento plan de medios)** ascende a 280.381,15 €.

a) Ano **2024**:

Aplicación orzamentaria	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total ANO 2024
9120 2279 9069 (producción e seguimento plan de medios)	ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808)	216.843,92	45.537,23	262.381,15

b) Ano **2025**:

Aplicación orzamentaria	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total ANO 2025
9120 2279 9069 (producción e seguimento plan de medios)	ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808)	14.876,03	3.123,97	18.000,00

**Terceiro.-** Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa adxudicataria dos indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1639/1102

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(109).- ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez